<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias, técnicas e marcos de resolución de problemas en diferentes contextos e as súas fases. - Estratexias de procura crítica de información durante a investigación e a definición dos problemas expostos. - Emprendemento, resiliencia, perseveranza e creatividade para abordar problemas desde unha perspectiva interdisciplinaria. - Uso e manipulación de ferramentas básicas. Técnicas de mecanización de materiais na construción de obxectos e prototipos. - Respecto das normas de seguridade e hixiene. - Electricidade básica para a montaxe de circuitos físicos ou simulados. Montaxe e/ou simulación de circuitos sinxelos con operadores eléctricos: xeradores, elementos de manobra ou control e receptores. Compoñentes básicos e simboloxía. - Deseño de sistemas que incorporen estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos sinxelos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxecto. - Deseño de sistemas que incorporen circuitos eléctricos sinxelos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxecto.

UD	Título da UD	Duración
7	Programación	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Describir, interpretar e deseñar solucións a problemas informáticos a través de algoritmos e diagramas de fluxo, aplicando os elementos e as técnicas de programación de maneira creativa.	Interpretar algoritmos sinxelos. Dar solución a problemas sinxelos a través de algoritmos.	PE	40
CA4.2 - Programar aplicacións sinxelas empregando os elementos de programación de maneira apropiada e aplicando ferramentas de edición.	Programar aplicacións sinxelas.	TI	60

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Algorítmica e diagramas de fluxo.

Contidos
- Aplicacións informáticas sinxelas para ordenador.
- Autoconfianza e iniciativa: o erro, a reavaliación e a depuración de erros como parte do proceso de aprendizaxe.

UD	Título da UD	Duración
8	Sistemas de control e robots	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2.1. - Coñecer os elementos básicos dun sistema de control ou robot, para montar sistemas de control e/ou robots sinxelos para a resolución dos problemas propostos.	Coñecer os elementos básicos dun sistema de control ou robot.	PE	40
CA3.2.2. - Montar sistemas de control e/ou robots sinxelos mediante a incorporación dos elementos necesarios para a resolución dos problemas propostos.	Montar un sistema de control ou robot sinxelo que resolva un problema proposto.	TI	60
CA4.3 - Automatizar procesos, máquinas e obxectos sinxelos, mediante a análise e a programación de robots e sistemas de control.	Automatizar un proceso ou máquina sinxelos, programando un sistema de contro ou robot.		
CA3.2 - Montar sistemas de control e/ou robots sinxelos mediante a incorporación dos elementos necesarios para a resolución dos problemas propostos.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Compoñentes básicos e funcionamento dun sistema de control ou robot sinxelo: sensores, actuadores e controladores.
- Montaxe de sistemas de control ou robots sinxelos para a resolución de problemas técnicos.
- Sistemas de control programado: uso de simuladores e programación sinxela de dispositivos.
- Fundamentos da robótica: control programado de robots sinxelos de maneira física ou por medio de simuladores.
- Autoconfianza e iniciativa: o erro, a reavaliación e a depuración de erros como parte do proceso de aprendizaxe.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia debe afrontarse cunha metodoloxía eminentemente práctica e cun enfoque competencial do currículo que potencie a aprendizaxe significativa do alumnado.

O eixe vertebrador será a realización de proxectos tecnolóxicos con metodoloxías que fomenten a resolución de problemas mediante o deseño e construción de sistemas técnicos e prototipos eléctricos, mecánicos, robóticos, etc. Durante a realización dos proxectos, o alumnado terá a oportunidade de levar a cabo determinadas tarefas mentres explora, descobre, experimenta, aplica e reflexiona sobre o que fai, o que favorecerá a súa implicación no proceso de

aprendizaxe e fará que este sexa máis significativo e duradeiro.

Promoverase a participación do alumnado, resaltando o traballo colectivo como forma de afrontar os desafíos e os retos tecnolóxicos que propón a nosa sociedade para reducir as fendas dixital e de xénero, prestando especial atención á desaparición de estereotipos que dificultan a adquisición de competencias en condicións de igualdade.

Utilizaranse estratexias que promovan un uso eficiente, seguro e ético de diferentes aplicacións dixitais para diversas funcións como o deseño, a simulación e a comunicación e difusión de ideas ou solucións.

Utilizaranse distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que promovan o traballo en equipo, guiando o alumnado desde proxectos sinxelos ata proxectos máis complexos que permitan o seu logro e satisfacción por parte do devandito alumnado poñendo en práctica, se fose necesario, mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula-taller de tecnoloxía.
Ordenadores con conexión a internet. Un ordenador por alumna/o.
Software de uso xeral (sistema operativo, ofimática...) e de uso específico (editores de arquivos audiovisuais, simuladores, entornos de programación...). En todo caso e salvo que non sexa posible, utilizarase software libre.
Materiais para a fabricación, tratando de potenciar a reutilización.
Ferramentas manuais e eléctricas propias do taller de tecnoloxía.
Operadores e compoñentes eléctricos e electrónicos.
Dispositivos de fabricación dixital: impresoras 3D
Dispositivos de robótica.
Compoñentes para sistemas de control programados: sensores, actuadores, placas controladoras con conexión a internet (IOT). En todo caso e salvo que non sexa posible, utilizarase hardware libre.
Materiais e recursos de creación propia e recursos educativos abertos.
Aula virtual do centro ou do plan Edixgal.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso, realizarase un cuestionario acerca das competencias adquiridas en primaria relacionadas coa tecnoloxía e dixitalización.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	11	11	11	11	11	17	16	100
Proba escrita	40	0	40	40	40	40	40	40	36
Táboa de indicadores	60	100	60	60	60	60	60	60	64

Criterios de cualificación:

A cualificación de cada avaliación corresponderá á media ponderada dos ítems especificados en cada unidade didáctica.

En calquera caso, aínda que ao agregárense tódolos elementos avaliábeis non respondan exactamente a esta ponderación, de forma xeral terase en caso un peso aproximado tal como segue:

- Probas escritas ou orais, cun peso aproximado do 30%
- Proxectos de taller e/ou traballos escritos, exposicións, uso ou implementación de aplicacións informáticas ou simuladores, cun peso aproximado do 60%.
- Traballo na aula, cun peso aproximado do 10%.

PERIODICIDADE DAS PROBAS

Con carácter xeral, realizaranse unha ou dúas probas escritas/orais por avaliación. Se un alumno fose descuberto copiando nunha proba ou se presente algún tipo de dúbida ao respecto, o profesor poderá facer un exame oral aos alumnos implicados.

COMO SE CUALIFICAN AS PROBAS ESCRITAS:

As probas escritas calcífanse de 0 a 10 cunha aproximación de ata dous decimais. A cualificación obtida neste apartado calcularase por media aritmética entre todas as probas realizadas nunha mesma avaliación. Non se fará media con notas inferiores a 3,5.

COMO SE CUALIFICAN OS PROXECTOS DE TALLER E TRABALLOS ESCRITOS:

Realizarase previsiblemente un proxecto ou traballo por avaliación. Cada un dos proxectos ou traballos calcífanse individualmente de 0 a 10 cunha aproximación de ata dous decimais. A cualificación obtida neste apartado calcularase por media aritmética entre todos os proxectos e traballos realizados nunha mesma avaliación. Non se fará media con notas inferiores a 3,5.

Como ferramenta de avaliación, empregárase unha folla de cotexo que poderá ser diferente para cada actividade. Antes de comezar o traballo comunicáraselles aos alumnos que ítems se avaliarán e que ponderación lle corresponde a cada un deles. Se un alumno incumpre gravemente ou reiteradamente as normas de seguridade no taller obterá unha puntuación de 0 en dito proxecto

COMO SE CUALIFICA O TRABALLO NA AULA:

Neste apartado, entendemos por traballo a realización de deberes e tarefas de aula, mostrar unha participación activa e facilitadora no desenvolvemento das clases, respectar aos compañeiros, aprender a traballar en equipo e

realizar un bo trato do material de aulas e taller.

Empregarase nunha folla de cotexo para recoller as incidencias ocorridas neste ámbito. O traballo na aula puntuarase coas únicas notas de 0, 5 ou 10, segundo os casos que se recollen a continuación:

- Realiza polo menos o 90% dos deberes e traballos de aula requiridos ao longo do trimestre, e non recibe ningunha chamadaá orde poractitude contraria ao esixido: 10
- Realiza polo menos o 70% dos deberes e traballos de aula requiridos ao longo do trimestre., non recibe máis de dúaschamadas ao orde, non realiza faltas graves contrarias ao referido a valorar: 5
- Non acada a realizar o 70% dos deberes e traballos de aula, recibe mais de dúas chamadas ao orde, realiza algunha falta grave contraria ao referido a valorar: 0

REDONDEO

O redondeo da nota final de avaliación realizarase por defecto en calquera nota inferior a 5. Nas puntuacións superiores a 5 realizarase por defecto sempre que o primeiro decimal sexa igual ou inferior a 5 decimas e por exceso no caso contrario.

De non acadar unha puntuación mínima de 3,5 nalgunha das probas escritas, traballos ou proxectos, a nota final do trimestre será como máximo de 4.

No caso de que un alumno fose descuberto de xeito claro copiando nun exame, suspenderá a avaliación correspondente.

Avaliación ordinaria

A nota da avaliación ordinaria calcularase facendo media aritmética das tres avaliacións (das notas reais e non das notas redondeadas), ou as correspondentes recuperacións feitas ao longo do curso, sen que sexa necesario que as tres avaliacións estean aprobadas. Para o redondeo aplicaranse as normas recollidas na programación.

Aquel alumnado que, ao longo do curso, non acadara o 5 nalgunha das avaliacións terán dereito a un exame final. Esta avaliación realizarase no mes de xuño nas datas establecidas polo centro e anunciadas con suficiente antelación.

Os contidos avaliados nesta proba serán TODOS os correspondentes a ou ás avaliacións suspensas independentemente de que ao longo do curso aprobouse algún exame en dito período.

Como instrumento de avaliación realizarase unha proba escrita e, sempre que o profesor o estime preciso, poderáselle esixir ao alumno unha proba práctica de taller, informática ou expositiva para comprobar a habilidade no manexo de ferramentas básicas e o cumprimento das normas de seguridade.

O alumno deberá presentar todos os proxectos e traballos non realizados durante o curso. No caso de non presentalos no prazo previamente establecido a cualificación non será nunca superior a 4.

O alumnado que teña aprobadas as tres avaliacións poderá subir a nota media completando aqueles traballos que considere pouco elaborados ou que durante o curso non fixo. Con isto, procederase a volver calcular a nota media da avaliación á que correspondía dito traballo para poder facer a media final.

Criterios de recuperación:

MECANISMO PARA RECUPERAR UNHA AVALIACIÓN NON SUPERADA:

Realizarase unha recuperación por avaliación mediante unha única proba escrita que incluíra os contidos da parte suspensa polo alumno. Así mesmo deberá entregar todos aqueles traballos ou proxectos que non realizara ao longo do trimestre ou se considerasen suspensos.

Para o calculo da nota da avaliación tras a recuperación mantéñense os ítems e a ponderación de cada un deles indicados no apartado correspondinte.

As medias de cada apartado faranse entre a nota acadada na recuperación e os exames e traballos aprobados durante o trimestre.

No mes de xuño, nas datas establecidas polo centro, realizaranse probas finais na que o alumnado poderá recuperar as partes pendentes

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non procede.

6. Medidas de atención á diversidade

Ao longo do curso, os profesores irán seleccionando os posibles candidatos para formar parte dos Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento, así como os dos agrupamentos específicos do vindeiro ano se os houber.

Con carácter xeral reflectimos a continuación determinadas medidas de atención a diversidade que se adoptarán no caso de ser precisas.

De cara ó alumnado repetidor, terase en conta as dificultades específicas detectadas no curso anterior e se fosen precisas facendo fincapé naquelas áreas nas que presentou maior dificultade.

Medidas organizativas ordinarias

Na exposición dos temas e nas tarefas de iniciación que se fagan partírase de graos de dificultade baixos co fin de que poidan conectar con eles os alumnos que teñan unha menor base de coñecementos. Seleccionaranse exercicios de máis baixo nivel que, sobre os distintos bloques, elaborará o profesor en forma de boletíns. Segundo indique o profesor, o alumno faraos na clase e/ou na casa e, de xeito periódico, serán supervisados.

Propoñeranse adaptacións metodolóxicas como traballos colaborativos, grupos heteroxéneos ou titorías entre iguais para mellorar o rendemento dos alumnos con maiores dificultades.

Aqueles alumnos con una maior capacidade precisan maiores desafíos na aula para que a súa curiosidade e inquietude non diminúa. Para eles, o profesor deberá propoñer actividades de ampliación e/ou profundización que aparecen na maioría dos libros de texto.

Medidas curriculares ordinarias

Poderanse modificar os tempos e os instrumentos de avaliación para adaptalos ás necesidades específicas dos alumnos que as precisen.

Medidas organizativas extraordinarias

Naqueles casos nos que haxa un profesor de apoio para atender ós alumnos con dificultades, será el o que levará a iniciativa na axuda e control da aprendizaxe, descargando parcial ou totalmente ao profesor do grupo desta tarefa.

Medidas curriculares extraordinarias

Naqueles casos nos que estea previsto poderase realizar:

- Adaptacións curriculares.
- Agrupamentos específicos de alumnos con dificultades similares.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a saúde.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Formación estética.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Comprensión de lectura: tarefas de clase e proxectos, nas que o alumnado terá que comprender os distintos enunciados e procurar información para investigar e resolver os problemas propostos. Expresión oral e escrita: resolución das tarefas de clase e coa elaboración de documentación técnica. Farase maior fincapé no uso do vocabulario e a linguaxe técnica. Comunicación audiovisual: presentación de resultados de prácticas e proxectos mediante creacións audiovisuais. Competencia dixital: intrínseca aos contidos propios da materia. Emprendemento social e empresarial: desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos. Espírito crítico e científico: procura de información e a investigación nas tarefas e proxectos tecnolóxicos. Educación emocional e en valores: contidos sobre seguridade na rede e benestar dixital. O desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos fomentará o traballo en equipo. A igualdade de xénero no ámbito científico e tecnolóxico é unha necesidade na sociedade actual, que tratará de cubrirse mediante un axeitado reparto de roles no traballo colaborativo en grupos á hora de desenvolver proxectos. Creatividade: Desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos. Educación para a saúde: importancia do respecto polas normas de seguridade e hixiene no taller. Contidos relacionados co benestar dixital, tan importante para conservar a saúde emocional na actualidade. Formación estética: procesos de deseño e acabado nos proxectos tecnolóxicos. Educación para a sostibilidade e o consumo responsable: contidos sobre tecnoloxía sostible, respecto pola propiedade intelectual na elaboración de contidos e aplicación de criterios de sostibilidade nos proxectos tecnolóxicos, sobre todo na elección de materiais e fontes de enerxía. Respecto mutuo: contidos relacionados coa etiqueta dixital. Este respecto e a cooperación entre iguais serán fundamentais no traballo en equipo no desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Saídas didácticas relacionadas coa materia.	Saídas didácticas relacionadas coa materia.

Observacións:

No momento de elaboración desta programación didáctica aínda non están planificadas actividades complementarias e extraescolares para o curso.

Calquera actividade complementaria proposta deberá axudar a reforzar os contidos das distintas unidades didácticas do curso.

Asemade, cada actividade contará coa aprobación e apoio do Equipo Directivo do centro.

Para cada actividade complementaria indicaranse as seguintes características:

- Obxectivos
- Profesorado responsable.
- Alumnado participante.
- Datas e lugar de celebración.
- Repercusións económicas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
Consegiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
Consegiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado.
Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
Mantívose o contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
Adoptáronse as medidas curriculares axeitadas para atender ao alumnado con NEAE.
Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
Elabóranse actividades atendendo a diversidade.
Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado NEAE.
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.

Combínase o traballo individual e en equipo.
Poténcianse estratexias de animación á lectura.
Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
Incorpóranse as TICs aos procesos de ensino-aprendizaxe.
Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
Ofrécense ao alumnado de xeito rápido os resultados das probas/traballos, etc.
Analízase e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.
Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.
As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.
Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación, etc.

Descrición:

Farase un seguimento da relación de elementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente que se indican.

Nas reunións de departamento, utilizaranse táboas de cotexo baseadas nos indicadores de logro para obter a información.

A retroalimentación co alumnado farase a través de cuestionarios na aula virtual do centro ou na do plan Edixgal.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Mensualmente avaliarase a programación didáctica e se tomarán as medidas correctoras para conseguir os obxectivos propostos.

Este seguimento da programación será realizado por todos os membros do departamento e se levantará acta dos acordos tomados.

Elaborarase un documento coas estatísticas acadadas na avaliación. Cada profesor/a elaborará as estatísticas das materias que imparten e serán recollidas no departamento para a súa análise. O resultado de dito informe será tido en conta para a elaboración da programación no vindeiro curso.

Toda esta información será plasmada na memoria didáctica anual do departamento na que se analizarán os seguintes aspectos da programación:

1. Composición do departamento
2. Materias que imparte
3. Seguimento da programación didáctica na ESO e tratamento dos estándares.
4. Resultados acadados nas diferentes materias pendentes
5. Modificacións a introducir na programación do vindeiro curso
6. Actividades extraescolares
7. Libros de texto

Indicadores da adecuación da programación didáctica

- 1.- Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
- 2.- Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas/temas/proxectos.
- 3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización prevista.

- 4.- Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades/temas/proxectos.
- 5.- Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
- 6.- Asignación de cada estándar do peso correspondente na cualificación.
- 7.- Vinculación de cada estándar a un varios instrumentos para a súa avaliación.
- 8.- Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
- 9.- Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
- 10.- Adecuación dos materiais didácticos empregados.
- 11.- Adecuación da secuencia de traballo na aula.
- 12.- Adecuación do libro de texto.
- 13.- Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
- 14.- Adecuación da proba de avaliación inicial elaborada a partir dos estándares.
- 15.- Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos.
- 16.- Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
- 17.- Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame ou avaliación.
- 18.- Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
- 19.- Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
- 20.- Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
- 21.- Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
- 22.- Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.
- 23.- Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.
- 24.- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- 25.- Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
- 26.- Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
- 27.- Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
- 28.- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
- 29.- Contribución dende a materia ao plan de lectura do centro.
- 30.- Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados